

# INFORMA



## REVISIÓN MÁIS XUSTA DOS SALARIOS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Non nos parece xusto que os políticos non se apliquen os axustes que lle aplican ao resto de empregados públicos. A partir de agora, grazas a unha moción de AER apoiada por BNG e PSOE, os salario dos concelleiros/as actualizárase segundo os Presupostos Xerais do Estado e non segundo o IPC. Polo tanto, unha conxelación salarial do funcionariado implicará tamén unha conxelación no salario dos membros da nosa corporación municipal. AER tampouco quere que se afonden as diferenzas entre os que máis cobran e menos cobran. O outro punto da moción é que en caso de incremento salarial, este incremento sexa lineal e non porcentual, incrementándolle a toda a corporación, incluído o alcalde, a mesma cantidade que se lle incremente ao concelleiro/a co soldo máis baixo.

## VALE TODO EN CAMPAÑA ELECTORAL??



Desgraciadamente, parece que si. Nas pasadas eleccións municipais, no debate electoral celebrado no Multiusos da Xunqueira, a voceira do BNG, Cecilia Orge, acusou publicamente ao candidato do PP, Javier Bas, de ofrecer postos de traballo a cambio de colaboración na campaña do PP. Despois de que pasaran máis de 6 meses sen que ninguén dera explicacións públicas, AER preguntoulle ao alcalde no pleno como estaba a situación. Segundo contestou Javier Bas, os dous avogados que consultou recomendáronlle non facer ningunha denuncia, pois sería arquivada por entenderse esas acusacións dentro da liberdade de expresión e dentro do normal en campaña electoral. AER considera que non todo vale en política, e pensamos que esas acusacións si que son o suficientemente graves como pra esixir responsabilidades a quen acusa sen ofrecer probas e a quen é acusado e non o denuncia.

## REDONDELA, ZONA LIBRE DE TRANSXÉNICOS

Recollendo unha iniciativa de Esquerda Unida de Redondela e da Plataforma Galega Antitransxénicos, AER levou a pleno unha moción en favor dunha agricultura libre de transxénicos, que foi aprobada por unanimidade dos grupos políticos. Redondela súmase a concellos coma Lalín, O Grove, Silleda, Santiago de Compostela, Verín... na defensa da biodiversidade agrícola e da soberanía alimentaria. O noso Concello posiciónase en contra do cultivo de millo transxénico, dentro do posible realizará xestións pra que nos establecementos dependentes do Concello non se expendan alimentos transxénicos e promoverá que nos establecementos privados tampouco se vendan estes alimentos.



### O CONCELLO TRABALLA NA CUANTIFICACIÓN DOS DANOS POLAS OBRAS DO AVE E NA IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS AMBIENTAIS

Despois da petición de AER na Comisión de Seguimento das Obras do AVE (23/11/2011) para que o Concello valore os danos e perdas sufridas por estas obras, decidimos levar unha pregunta ao pleno sobre o estado deste proceso. O concelleiro Alberto Pazos respostou, ao estilo de Aznar en Texas, "Estamos trabahando en ellou". A ver se é verdade.

### CAMIÑO DO PENISAL: SEN SOLUCIÓN Á VISTA?

Como xa fixera en setembro, AER levou como pregunta a pleno o problema Camiño do Penisal e anexos, en Chapela. O problema provén dunha obra non rematada dende hai meses, o cal xenera inconvintes diarios aos veciños, perigo pra os rapaces/zas que o usan como ruta habitual pra acudir o instituto e tamén xeñera problemas de circulación nuns camiños xa deficientes de por si. AER preguntou no pleno pra cando haberá unha solución e se se pedirían compensacións. O goberno local

descarta pedir compensacións, xa que din que o que xenerou este problema foi o proxecto do propio Concello. A pregunta de cando haberá unha solución, por desgraza recibiu por contestación o mesmo que hai tres meses, afirman que están a presionar á Deputación pra que rematen a obra, e que o seguirán a facer; pero que a obra non é dependente do Concello, polo que non poden fixar prazos...Dende AER non deixaremos de preocuparnos por este problema ata que teña unha solución.



### AER ROGOU QUE O CONCELLO SE DIRIXA A FOMENTO PRA RECLAMAR MELLORAS NA N-555

O equipo de goberno local contestou que xa fixeron esa petición a principios de outubro, solicitando a Fomento que "no menor tempo posible, procedan á execución de obras de mellora da estrada mediante o ensanche, construción de beirarrúas, sinalización vertical e horizontal, pasos de peóns, etc, e todas aquelas que estimen necesarias para garantir a seguridade tanto do tráfico rodado como do tránsito de persoas, na estrada nacional EN-555". Agardamos que Fomento cumpra o antes posible estas peticións, que dende hai moito tempo veñen facendo os veciños e asociacións veciñais de Cedeira, Negros, Cabeiro e Vilar. AER tamén pediu que reclamen a Fomento un paso de peóns na rotonda de intersección da N-550 coa N-555, para facilitar o seu cruce.

# R.A.E.R

## Diccionario da Real Academia de Electores de Redondela

- **Oposición:** Dise dos grupos políticos sen responsabilidade de goberno que aínda así deberían traballar a reo polo ben do concello.
- **Parroquia:** Poboacións pertencentes ao concello que deberían ter a mesma importancia que o núcleo urbano.
- **Campaña Electoral:** Espazo de tempo previo ás eleccións onde as diferentes formacións políticas deberían prometer unicamente aquilo que poidan cumprir.
- **Democracia:** Doutrina política onde o pobo debería tomar parte nas decisións políticas non só á hora de votar.

**SINDROME DE ABSTENCIÓN:**  
\_ Sonrisa constante  
\_ Insomnio  
\_ Sudores frios  
\_ Dificultade para negociar

Que, deixando o tabaco non?



## PREGUNTAS SEN RESPOSTA

**Algunhas das Preguntas** que pedimos por rexistro e aínda non nos responderon, con cadansúa data de entrega.

-Estado do saneamento e alcantarillado de Vilar de Infesta e Trasmañó (Fondos adxudicados, gastados, remanente e presuposto necesario para o remate das obras) [11-10-2011]

-Copia para consulta do PEMU (Plan de Emerxencias Municipal) [7-9-2011] e [17-11-1011]

-Copia dos documentos referidos ás obras do camino do Penisal en Chapela e accións levadas a cabo para poñerlle unha solución. [11-10-2011] e [18-10-2011]

-Ver o plan referente á finca de Pousadouro do ano 1987. [17-11-2011]

## NOTA DE PRENSA

O **Consello Parroquial do Viso** na súa Xuntanza Ordinaria celebrada no Antigo Preescolar o pasado venres, 2 de decembro, adotou por unanimidade, entre outros, **os seguintes acordos:**

- Propoñer a **xestión da adquisición de terreos para ampliar o aparcadoiro** do colexio de Cesantes
- Propoñer que se axilicen as **xestións para a instalación de beirarrúas, mellora da seguridade vial e colocación dunha rotonda** no cruce que vai para o campo de fútbol.
- Propoñer a **instalación de iluminación** en distintas partes da parroquia
- Propoñer a **reclamación dos desperfectos realizados polas obras do AVE**
- Propoñer a **xestión da adquisición de terreos** para facer un aparcadoiron nas proximidades do Antigo Prescolar
- Propoñer a **instalación de paneis culturais** en distintos puntos da parroquia

## AERROS

**Como humanos que somos, erramos. Non nos doen prendas en facer públicas as nosas meteduras de pata.**

Nas BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA TÉCNICO/A DE INSERCIÓN LABORAL do Concello de Redondela, pode dicirse que nola "meteron dobrada". Centrámonos nas bases para os GRUMIR e non viramos coa atención debida estas bases ata que estiveron aprobadas. Tanto esixir pola nosa parte que haxa unha comisión para elaborar as bases das contratacións do Concello, e ao final non lle demos utilidade neste caso. Por certo, que ben PSOE e BNG puideron obxectar algo a estas bases, que aínda que non tanto coma no Programa Clara, cantan un pouco.

Pra empezar, só deron 5 días naturais para presentar a documentación, outra vez a contar dende un domingo. Ademais de publicar a oferta no Faro de Vigo e non no BOP.

Para ter os 5 puntos máximos que dan por experiencia laboral habería que acreditar 10 anos traballados a tempo completo. Ter dúas licenciaturas, 2 puntos.

Na formación complementaria, se fas un máster de 750 horas, tes 0.25 puntos, e se fas dous cursiños de 60 horas cada un, 0.40 puntos... Raro raro.


Nos puntos por coñecementos informáticos, da igual que o cursiño de Office sexa de 5, 10 ou 80 horas.

Por coñecemento do galego, só podes conseguir a puntuación máxima se fas un curso que só poden facer empregados da administración.

Será verdade que Bas prometeu postos de traballo? Aínda que vendo estas bases tamén é grave non obxectar nada, como fixemos nós.

**PEDIMOS PERDÓN. ERRARE HUMANUM EST**

### XEROGLIFICO



Que farían os políticos se lles deixáramos?

Resposta: Subir o soldo

### Enlaces interesantes: **Outra información**

HYPERLINK "<http://www.rebelion.org/>" <http://www.rebelion.org/>  
"<http://www.voltairenet.org/es>" <http://www.voltairenet.org/es>  
"<http://www.attac.es/>" <http://www.attac.es/>  
"<http://info.nodo50.org/>" <http://info.nodo50.org/>  
"<http://actuable.es/>" <http://actuable.es/>  
"<http://www.sinpermiso.info/#>" <http://www.sinpermiso.info/#>  
"<http://www.elviejotopo.com/web/revistas.php>"  
"<http://www.democraciarealya.es/>" <http://www.democraciarealya.es/>  
"<http://www.intermonoxfam.org/>" <http://www.intermonoxfam.org/>  
"<http://www.unicef.org/spanish/>" <http://www.unicef.org/spanish/>  
"<http://www.acnur.org/t3/>" <http://www.acnur.org/t3/>

Contacta con



[info@aeredondela.com](mailto:info@aeredondela.com)

[www.aeredondela.blogspot.com](http://www.aeredondela.blogspot.com)

CORREO: Paseo da Xunqueira, 33 \_1º

PAPEL RECICLADO  
**BOLETIN Nº2**  
**6 XANEIRO**  
**2012**

Tamén podes seguirmos en :

